

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 7/2025
Vigente la medida Cautelar 7/2025
Solicitante: Club Balonmán Miño

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo Club Balonmán Miño, en data 21/04/2025, no que solicita a revogación parcial dunha resolución de sanción imposta polo Comité Territorial de Competición reducindo a sanción; pedindo asemade a asunción de medidas cautelares en canto non recaia resolución mediante escrito de 23 de abril de 2025.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias, na Acta nº 2425/31 acorda sancionar a Davis Neves Enríquez, con 3 partidos de sanción e sanción de 100 €.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club mediante recurso, presentado en tempo e forma.

A salvo do fondo do asunto solicitan a suspensión do cumprimento da sanción como medida cautelar, motivo da presente resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Proba en contra da resolución recorrida. Validez da acta arbitral.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle e a sanción se deriva de que ésta recolle unha agresión física.

SEGUNDO.- Inxustificación da infracción.

O único motivo esgrimido no recurso de apelación é un potencial agravio comparativo con outros intervinentes no altercado do partido, alegando que como a todos se lles aplica o artigo 34 e as infraccións son leves hai desequilibrio.

Pois ben, obviamente as infraccións leves ou graves regulanse nun único artigo, pero recollen distintas situacións consideradas infraccións; así como recollen distintas sancións válidas: se pode apercibir, suspender 1 encontro, 2 ou 3, a criterio da sana crítica do Comité Territorial de Competición. Polo que nunca sería unha resolución contraria o regulamento se impón sancións das reguladas dentro dese abano.

O que olvida a parte recorrente é que OS FEITOS NON SON OS MESMOS, eles mesmos transcriben no recurso a acta arbitral. Ésta non fala de insultos cruzados, ou brazadas cruzadas, personaliza con nomes e apelidos as distintas accións e non é comparable un braceo ou unha increpación verbal cunha agresión física, neste caso recolleu o colexiado: “propinó un empujón que lo desplaza hacia tras, provocando una voltereta y una caída al suelo, donde impacta con la cabeza.”

Non son comparables os feitos, non deben compararse as sancións, pese a que ambas dimanen dunha infracción da mesma gravidade disciplinaria; a sanción reguláse entre as recollidas no RRDG.

TERCEIRO.-Modulación da sanción.

O Comité de Competición valora conforme a súa sana crítica a entidade da agresión modulando a sanción de xeito xustificado baseándose na acta arbitral.

O arrepentimento é tido en conta de feito a sanción económica é a máis baixa das posibles.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto polo clube Balonmán Miño en represenación de David Neves Enríquez contra a Resolución 2425/31 do Comité Territorial de Competición que acorda a súa sanción, **CONFIRMANDO** a devandita resolución en canto a imposición da sanción a don David Neves Enríquez coa suspensión de 3 encontros oficiais e sanción de multa económica de 100 €.

Procede igualmente o inmediato levantamento da suspensión cautelar que se tiña concedido.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 25 de abril de 2025
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla